



SECRETARÍA XERAL DO PLENDO
CONCELLO DE VIGO
LUGO

N.º EMENDA: 1707/1101

DATA 16.02.18

GRUPO MUNICIPAL
Concello de Vigo

**PROPOSTA DE EMENDAS DO GRUPO MUNICIPAL DA MAREA DE VIGO
Á ORDENANZA REGULADORA DA EDIFICACIÓN FORZOSA E REXISTRO
MUNICIPAL DE SOARES.**

EMENDA 1:

Substituír o artigo 1 polo seguinte enunciado:

Artigo 1. Obxecto

“Esta ordenanza ten por obxecto establecer os prazos en que os propietarios de soares, de edificacións declaradas en ruína ou inadecuadas e de construcións paralizadas deberán proceder á súa edificación, así como a regulación do contido, organización e funcionamento do libro de rexistro de soares e edificios que cumpre rehabilitar e as consecuencias derivadas do incumprimento do deber de conservación ou edificación, ao abeiro do establecido no título VI, capítulo I da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia”

EMENDA 2:

Inclusión de novo artigo:

Artigo XXXX. Edificación ou rehabilitación pola administración municipal

Cando se incumpra o deber de edificar nalgún terreo incluído nestas áreas, a Administración poderá expropialo co fin de asumir a edificación ou ben encomendarlle a unha sociedade urbanística pública o desenvolvemento da actuación. Neste último caso, a sociedade urbanística actuará como beneficiaria da expropiación e asumirá fronte á Administración, o deber de edificar nos prazos que se fixen no convenio que regule a actuación, que en ningún caso poderán ser máis longos que os outorgados inicialmente ao propietario.

A Administración notificaralle ao propietario do terreo a iniciación do procedemento, concedéndolle un prazo de vinte días para formular alegacións, e asemade ordenará a súa anotación no Rexistro da propiedade, nos termos da lexislación aplicable.

GRUPO MUNICIPAL DA MAREA DE VIGO

Praza do Rei, 1 - Planta 8- 36202 Vigo
Tlf. 986 810 120- móbil: 638 710 418- ofi.marea@vigo.org



Concluído o trámite de audiencia, o Concello aprobará, se é o caso, a actuación ou o convenio que a regule, no caso de que a vaia asumir unha sociedade urbanística pública.

A expropiación poderá tramitarse polo procedemento de taxación conxunta.

Unha vez ocupado o inmovible, comezarán a computarse os prazos fixados para solicitar licenza e para proceder á edificación. Así mesmo, inscribírase a transmisión no Rexistro da propiedade, aplicando o previsto na súa normativa específica para a inscrición das adxudicacións de soares en réxime de venda forzosa.

En Vigo, a 16 de febreiro do 2018

Asinado:

Rubén Pérez Correa
Voceiro do grupo municipal da Marea de Vigo.